



RESOLUCIÓN DO DEPARTAMENTO TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR DE VIGO POLA QUE SE FAI PÚBLICA A RELACIÓN PROVISIONAL DAS EMBARCACIÓNS ADMITIDAS PARA O OUTORGAMENTO DO PERMEX DE POLIQUETOS PARA EMBARCACIÓN NA MODALIDADE DE MERGULLO EN APNEA E CON SUBMINISTRO DE AIRE DENDE SUPERFICIE AO ABEIRO DO PLAN DE EXPLOTACIÓN PARA O RECURSO ESPECÍFICO, DA CONFRARÍA DE PESCADORES DE VILANOVA DE AROUSA APROBADO PARA O TRIENIO 2025 - 2027

ANTECEDENTES

1. Mediante a Resolución do Departamento Territorial de Vigo do 11 de xullo de 2025 convocouse o proceso selectivo e abriuse o prazo de presentación de solicitudes para o outorgamento da modalidade de poliquetos para unha (1) embarcación, con unha (1) cota, para o exercicio da actividade extractiva no ámbito do plan de xestión de poliquetos mediante mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie da Confraría de Vilanova de Arousa.
2. Rematado o prazo de presentación das solicitudes, constátase que se presentou unha (1) solicitude ao proceso selectivo.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. O artigo 42º da *Lei 11/2008, de 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro*, establece que: "A explotación das distintas especies de recursos específicos realizárase por modalidades. Esta requirirá estar en posesión das correspondentes habilitacións previstas no artigo 39º desta lei e participar nun plan de xestión".
2. A *Orde do 30 de decembro de 2015* determina nos seus artigos 26 a 30, o procedemento para a obtención da modalidade de recursos específicos no permiso de explotación da embarcación.
3. A *Resolución do 4 de maio de 2016 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro* establece o baremo para acceder as modalidades de recursos específicos no permiso de explotación, e no seu artigo 1 do anexo I indica que *o baremo aplicarase cando o número de solicitantes sexa superior ao de prazas ofertadas*, polo que, ao terse presentado tan só unha solicitude non se fai necesario baremala.
4. O Departamento Territorial de Vigo é competente para ditar as resolucións deste proceso selectivo segundo establece o artigo 52 da *Orde do 30 de decembre de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia*.





5. A Sección 3ª do Capítulo V da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, regula a desistencia e a renuncia como formas normais de terminación do procedemento administrativo.

De acordo con todo o indicado, **RESOLVO:**

1. Publicar o nome da embarcación admitida para a obtención do permex de poliquetos mediante mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie, para o exercicio da actividade extractiva no ámbito da Confraría de pescadores de Vilanova de Arousa (ANEXO I).

2. Non existen solicitudes excluídas do proceso.

Esta resolución estará exposta na páxina web <http://www.mar.xunta.gal> e con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios da Xefatura Comarcal de Pontevedra, da Xefatura Comarcal de Vilagarcía e no taboleiro de anuncios da Confraría.

Contra o disposto nesta resolución **poderase presentar alegacións no prazo de 15 días** a contar dende o día seguinte ao da publicación desta resolución, ante o Departamento Territorial da Consellería do Mar en Vigo.

A directora territorial
María Elena Suárez Sarmiento





ANEXO I

Proceso selectivo para a obtención da modalidade de **poliquetos** ao abeiro do plan de xestión para o recurso específico dende embarcación, mediante mergullo en apnea con subministro de aire dende superficie, da confraría de pescadores de Vilanova de Arousa.

SOLICITUDES ADMITIDAS:

NOME DA EMBARCACIÓN	MATRÍCULA	SOLICITANTE/ARMADOR
LOLA	VILL-3-6076	JOSÉ MARÍA DOVAL IRAGO

